

## A paz esquiva SES

Vivo procurando un verso para encarcerar  
todo este sentir que desgarrar  
e a rosas que fan que aínda poida soportar  
a carne viva

E até no máis alto monte respirar  
e gardar os ollos das savias  
Vivo procurando un verso para encarcerar  
a paz esquiva

Vivo procurando un verso para encarcerar  
un cansancio que me desgasta  
e o tedio que chega para recordar  
que a vida pesa

Pasa e pesa a vida  
e a historia por narrar  
que me reconcilia,  
cunha raza ausente  
que hai que recuperar,  
está vendida

E que fuxa o medo a pensar  
e que amar non se encerre en ocas e lanzas.  
E que os terroristas sexan como debe ser  
os que consideran un gran crime diverxer

Vivo procurando un verso para encarcerar  
todo este sentir que desgarrar  
e a rosas que fan que aínda poida soportar  
a carne viva

E até no máis alto monte respirar  
e gardar os ollos das savias  
Vivo procurando un verso para encarcerar  
a paz esquiva

Vivo procurando un verso para encarcerar  
un cansancio que me desgasta  
e o tedio que chega para recordar  
que a vida pesa

E que fuxa o medo a pensar  
e que amar non se encerre en ocas e lanzas.  
E que os terroristas sexan como debe ser  
os que consideran un gran crime diverxer

E que fuxa o medo a pensar  
e que amar non se encerre en ocas e lanzas.  
E que os terroristas sexan como debe ser  
os que consideran un gran crime diverxer

E que os terroristas sexan como debe ser  
os que consideran un gran crime diverxer

## Faz bem falar de amor Quinta do Bill

Letra: Sebastião Antunes | Música: C. Moisés

Fala-me dos dias  
Em que a vida passa  
E tu nem sequer a vês passar

Fala-me do medo  
Medo que te amassa  
E que faz questão de te amarrar

Fala-me da noite  
Em que acreditaste  
Mas acabou tudo ao acordar

Falo-te eu agora  
De um dia sem mágoa  
Em que nós podemos navegar sem leme

Faz bem falar de amor  
Falarmos de ti e de mim  
Deixar fugir a dor  
É que faz bem falar de amor

Mostra-me um sorriso  
Prende o desalinho  
Deixa-me ensinar-te a acreditar

Eu sei de uma barca

Que inventa o caminho  
E que nós podemos navegar sem leme  
Sem correntes pra qualquer lugar

Falar de amor  
Se for, não tenhas medo

Faz bem falar de amor  
Falarmos de ti e de mim

Deixar fugir a dor  
É que faz bem falar de amor

Falar de amor  
Se for, não tenhas medo

Faz bem falar de amor  
Falarmos de ti e de mim  
Deixar fugir a dor  
É que faz bem falar de amor

É bom partir, é bom chegar  
O vento vem, o vento vai

## Fui a Bruges esquecer um amor Pedro Craveiro, *avenida sul*, 2016

— em resposta ao poema "fui a Lisboa esquecer um amor" —  
para o João Meireles

tu não estás aqui  
e tenho beijado todas as garrafas  
num bar escondido de Bruges  
sem querer dou por mim  
a perder terreno na tua vida  
eu que sempre te esperei às 17  
na janela desalumiada do metro  
entre olaias e chelas

tu não estás aqui  
e é tão bom assim: despertar incerto  
partir a língua em dois como um hiato  
granjeiar o sol dalgum hemisfério  
reaver-me dos engenhos necessários  
e supor que tudo se resume, caro watson,  
a morte & amor

tu não estás aqui  
em tanto sítio em tanto corpo assediado  
no dia em que Freddie morreu.  
se em muito te reconhecia,

em pouco te relembro agora

## Terradentro Paco Souto, *e Caín, Laiovento*, 2016

Para Vicente Ansola

o mar  
sopraba azul  
e abaneaba as follas dos carballos  
mentres eu paseaba silencioso  
ao compás do teu recordo

había  
quen berraba agonizante  
incrédulo  
a tanto naufraxio  
e tanto amor  
tamén era eu  
mais non quixen facerme caso

percorrín de novo o camiño á casa  
fecheime no cuarto  
e oferteime ao teu delirio

pronto  
fomos auga



# ari[t]mar

galiza e portugal

GALA PREMIOS  
da MÚSICA  
e da POESÍA  
galego-portuguesas

31 de outubro 21h00  
Teatro Principal  
Santiago de Compostela

## SES

Premio ao mellor  
tema musical galego

## QUINTA DO BILL

Premio ao mellor  
tema musical  
português

## PEDRO CRAVEIRO

Premio ao mellor  
poema portugués

## PACO SOUTO

Premio ao mellor  
poema galego

## FRAN PÉREZ, NARF

Premio embaixada da  
amizade galego-lusófona

Presentan

## QUICO CADAVAL ISABEL RISCO



# aRi[t]mar

galiza e portugal

**aRi(t)mar** galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, que leva a cabo agora a súa segunda edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada en Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla foi feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame.

## Palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2016

### Músicas gañadoras:

Galiza: **A paz esquivada**. SES  
Portugal: **Faz bem falar de amor**. QUINTA DO BILL

As segundas máis votadas:  
**Chove en Galiza**. POETARRAS, Galiza  
**Corzinha de verão**. DEOLINDA, Portugal

As terceiras:  
**Ecuacións**. XOÁN CURIEL, Galiza  
**Meu amor de longe**. RAQUEL TAVARES, Portugal

### Poesías gañadoras:

Galiza: **TERRADENTRO**. PACO SOUTO, e *Caín*.  
Portugal: **Fui a Bruges esquecer um amor**. PEDRO CRAVEIRO, *avenida sul*.

As segundas máis votadas:  
**Parque**. ROSALÍA FERNÁNDEZ, *Contra-acción*, Galiza.  
**Tragam-me um homem que me levante com os olhos** CLÁUDIA R. SAMPAIO, *Ver no Escuro*, Portugal.

As terceiras:  
**Parir un lugar**. OLALLA TUÑAS, *No seu despregar*, Galiza.  
**Penso en ti**. ALEXANDRA SANTOS, *Entre o Sono e o Sonho*, Portugal.

### Premio especial do xurado á embaixada da amizade galego-lusófona: Fran Pérez, NARF



### SES

Se algo podemos destacar de SÉS é o seu enorme carisma e forza persoal, xa de sobra amosada en centos de concertos e actuacións ao longo de toda Galiza, percorrendo diferentes escenarios, pobo tras pobo e cidade tras cidade. Aos poucos e grazas á transmisión boca-orella, a súa intensa personalidade e honestidade á hora de manifestarse, foi conquistando o público cun caudal de enerxía que chama pola unión e o cuestionamento do establecido.

En marzo de 2011 gravou o seu primeiro álbum de estudio chamado Admirando a condición, e o 7 de xuño de 2013 presentou o segundo álbum Co xenio destrozado, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. En 2015 saíu á venda o seu terceiro disco: Tronzar os valos. En novembro de 2016 lanza o sinxelo A Paz Esquivada, preludio do seu cuarto álbum: Opoñerse á extinción, que se lanza o 2 de decembro de 2016.

Opoñerse á extinción (2016) é o cuarto e último álbum dunha SES que sigue sendo pura forza, inconformismo e paixón. Nel segue a liña do seu inconfundible estilo que a levou a converterse na artista máis relevante do país nos últimos anos e nun auténtico fenómeno social que non deixa de medrar. Ela mesma define así este seu cuarto disco: O título 'Opoñerse á extinción' é a síntese da actitude que amosa o disco. A honestidade, a lucidez e tamén a rabia de sabermos en vías de desaparición inminente e inxusta, mais coa forza, o orgullo e o vitalismo de quen non asume o autoodio que tentan inculcarlle. Creo que é un traballo humilde, sincero e profundamente namorado da cultura á que pertence. É un disco de amor.



### PACO SOUTO\_ (Coruña, 1962-Carballo, 2017)

Foi coeditor de Edicións do Dragón e da colección Letras de Cal. Realizou ilustracións para libros e participou en exposicións colectivas, colaborando tamén en obras teatrais. Foi presidente da asociación de mariscadores e da asociación Caldeirón e destacado activista cultural, político e social. Entre os seus poemarios, destacan As árbores do incesto (Espiral Maior), Fado (Letras da Cal), Crebar cristais coa lingua (A. C. Caldeirón), As horas de María (Espiral Maior), e Caín (Laiovento). Faleceu en marzo deste ano, nun trágico accidente mentres exercía o seu traballo de percebeiro.



### PEDRO CRAVEIRO\_ (Porto, 1990)

Licenciado en Estudos Portugueses e Lusófonos, tem un mestrado em Estudos Literários Culturais e Interartes pela Universidade do Porto. Na actualidade é professor ajudante de português na Universidade da Califórnia, onde também realiza os seus estudos de doutoramento. Foi integrante do Anuário de Poesia de Autores Não Publicados (Assirio & Alvim). Bom conhecedor da Galiza e da nova poesía galega, a súa familia paterna é de ascendencia galega.



### QUINTA DO BILL

Foi em Setembro de 1987 na quinta do Sr. Guilherme (mais conhecido por Bill) que o projecto nasceu das mãos de Carlos Moisés, Paulo Bizarro e Rui Dias..... Nesse ano, participaram na 1ª Mostra de Música Moderna da RUC (Rádio Universidade de Coimbra) e em 1988 no 5º Concurso do Rock Rendez-Vous no qual por serem finalistas, ganharam o direito de gravar o tema "Zézé", incluído na colectânea "Registos". Nos anos seguintes, a banda faz digressões, edita pelo meio um "BEST OF" (1999 - disco de prata), abre caminho a novas canções para um novo álbum - "NÓMADAS" - editado em 2001 pela Universal e que contou com a produção de Mário Barreiros num disco caracterizado por uma abordagem à chamada "música do mundo". Esta junção de sonoridades étnicas com o folk-rock contou com a participação especial da cantora marroquina Amina Alaoui e do iraniano Bijan Chemirani nas percussões. Depois da edição de "AO VIVO TOUR 2003", o registo da actuação da banda na Queima das Fitas de Coimbra, a QUINTA DO BILL regressa aos álbuns de originais editando em Dezembro de 2006 "A HORA DAS COLMEIAS". O novo disco revela uma vez mais as várias influências musicais do grupo e conta com a colaboração de nomes como os de José Luís Peixoto, Pedro Abrunhosa, Miguel Castro, Tim, Adolfo Luxúria Canibal, João Afonso, Sebastião Antunes, Moz Carrapa e João Portela na escrita das letras dos novos temas. 2016 é o ano do 8º disco de originais - Todas as Estações - com lançamento a 27 de maio tendo como 1º single "Faz bem falar de amor". Em 2017, a Quinta do Bill completa 30 anos de existência.

### Premios

Vencedores do concurso Aqui del Rock - RTP - 1990  
2 Discos de Ouro, 4 discos de Prata, 1 disco de Platina - Xutos, 20 anos 20 bandas. Medalha de Ouro da cidade de Tomar. Prémio Personalidade do Ano do jornal o Mirante



### FRAN PÉREZ, NARF

(Silleda, 1968- Santiago de Compostela, 2016)  
Verdadeiro embaixador de Galiza na lusofonia, na súa produción con impacto neste eido destacan: Aló Irmao, Falcatrada 2010, CD-DVD gravado en directo, en compañía do artista guineano, Manecas Costa, no teatro Principal de Santiago de Compostela. O disco foi número 1 no top ten da RTP África, tres semanas en agosto de 2010. Radiado tamén en emisoras como a BBC (The world on 3) ou Radio 3, recibiu excelentes críticas no ámbito da World Music. Foi un dos espectáculos máis aclamados do Womex 2009.

Totem, Falcatrada 2007. O CD contén temas como "Quero ser tambor", difundido en países como Mozambique ou Brasil, e "Santiago", canción coa que acadou o 2º posto no concurso da canción en linguas minorizadas europeas, no festival Liêt Lavlut, en Suecia.

Ademais realizou o proxecto Bumba en 2005, convidando a catro artistas Mozambicanos pertencentes ao grupo Timbilza Muzimba, sendo un dos primeiros artistas que propuxeron a fusión da guitarra eléctrica co instrumento tradicional Chopi, a timbila, que ten o recoñecemento de patrimonio universal da cultura pola Unesco. O espectáculo presentouse en Galiza e en Maputo, Mozambique.

Foi un dos fundadores da sala Nasa en 1992, onde ademais doutros labores compuxo dúcias de cancións para a Banda da Nasa. Participou como actor en algunhas montaxes teatrais, orixinalmente como membro da compañía Chévere (Máquina total, Annus Horribilis...). No ano 1998 interpretou o papel protagonista da montaxe Sebastiao Menino Rei, con libreto de Sinde Filipe e música de Laurent Filipe, obra estreada na Expo de Lisboa. Actuou tamén na montaxe do CDG "A Ópera dos tres reas", de Bertold Brecht e Kurt Weill, protagonizada por Luis Tosar.



# aRi[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Patrocina: Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo  
Colaboran: Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

aritmar.gal

